

**TRABALLO DE MATEMÁTICAS PARA 3º ESO B**  
**SEMANA DO 15 DE XUÑO AO 18 DE XUÑO DE 2020**

Ola a tod@s!! Que tal estades?

Chegamos ao final, rematamos o curso. Foi especial, estraño, sen case poder vernos. Aprendestes a traballar sós, sen axuda dos profesores. Pero tamén houbo vantaxes, non tivestes que vir ao instituto e aguantarnos aos profes.

Quero darvos as grazas por continuar traballando todo o curso. Foi altamente gratificante para mín. Espero que vos servise para polo menos non perder o que traballastes nas dúas primeiras avaliacións.

Nada máis, só despedirme de vós. Espero que pasedes un bo verán, e que no curso que ven podamos vernos en persoa.

Se queredes facer unha video-conferencia de despedida xa mo decides por correo. Se non dámonos por despedidos. Apertas a todos e todas.

Deixo de todas formas traballo **voluntario**. Non é necesario que o enviesdes pero se o queredes facer ten que ser antes do xoves pois a avaliación é o venres.

En xeral é o tema 15 de Parámetros Estatísticos, pero as páxinas que podedes mirar son da 198 a 201 e facer os exercicios desas páxinas.

Estes vídeos de Tutomate explican todo o que ven no libro:

[https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1491483779/contido/u11\\_e\\_stadstica.html](https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1491483779/contido/u11_e_stadstica.html)

Tamén estes exercicios de Anaya Digital poden servir para practicar:

[https://www.edistribucion.es/anayaeducacion/8430033/datos/U12/ar\\_255/index.html](https://www.edistribucion.es/anayaeducacion/8430033/datos/U12/ar_255/index.html)